

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **PROGRAMACIÓN ANUAL**
- **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

**IES RAFAEL DIESTE
A CORUÑA**

CURSO 2018-2019

Programación Anual do Departamento de Orientación

IES Rafael Dieste (A Coruña)

INDICE

I XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

- 1.1. Contexto Legal
- 1.2. Contexto do Centro
- 1.3. Composición do Departamento

II OBXECTIVOS XERAIS

- 2.1. Obxectivos Xerais
- 2.2. Obxectivos por Eidos
 - 2.2.1. Acción Titorial
 - 2.2.2. Orientación Vocacional
 - 2.2.3. Atención á Diversidade
 - 2.2.4. Educación en Valores, Convivencia e HH.SS

III PLANIFICACION XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

- 3.1. Acciós Prioritarias a Nivel Xeral
- 3.2. Temporalización
- 3.3. Recursos
 - 3.3.1. Recursos Personais
 - 3.3.2. Recursos Materiais

IV ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

- 4.1. Estratexias de Intervención a nivel xeral
- 4.2. Estratexias de Intervención co alumnado
- 4.3. Estratexias de Intervención co profesorado

4.4. Estratexias de Intervención coas familias

4.5. Estratexias de Intervención ante o absentismo escolar

V AVALIACIÓN DO PLAN E PROPOSTAS DE MELLORA

5.1. Avaliación Inicial

5.2. Avaliación Formativa

5.3. Avaliación Final

5.4. Criterios de Avaliación

5.5. Instrumentos de Avaliación

VI PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

VII PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS

Para nós a **Orientación Educativa** é un proceso continuo, sistemático e intencional de mediación e tendente a desenrolar as capacidades de autonomía das persoas para que, baseándose en criterios contrastados, sexan quen de identificar, elixir e reconducir se é preciso, as alternativas ofrecidas polo seu entorno, asumindo as mais acordes ó seu potencial e traxectoria vital.

Falamos pois dun proceso continuo e dinámico integral e integrador, dirixido a tódolos ámbitos, facetas e contextos, durante o ciclo vital, e cun carácter socioeducativo.

I.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

1.1.- Contexto legal.-

O presente plan de Orientación para o I.E.S. Rafael Dieste fundaméntase, entre outros, nos seguintes textos legais:

- Decreto 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia, así como a Orde 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma galega.
- Circular 18/2007 pola que se dictan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 10/2010 pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

1.2.- Contexto do Centro.-

O IES Rafael Dieste é froito do crecemento demográfico que se manifesta no Ensino Secundario ó final da década dos oitenta. Neses momentos, os centros de referencia da zona, IES Agrado Orzán e IES Salvador de Madariaga, non poden facer fronte a demanda de prazas escolares e dótase ao Distrito cun novo Instituto que abre as súas portas no curso 89/90.

O Distrito V de A Coruña sitúa os seus marcos na Praza de Portugal ao Leste, Peruleiro/Mariñeiros ao Sul, o Portiño ao Oeste e Labañou ao Norte. Nesta área xeográfica conviven familias de distintas clases sociais:

- Familias de clase media, constituídas por profesionais liberais o do funcionariado e tamén pequenos industriais e comerciantes autónomos ou asalariados dese comercio e industria.

- Nos últimos cursos, e debido á repercusión da importante crise económica, existe tamén unha bolsa significativa de familias con graves problemas sociais e económicos: alumnado da etnia xitana, fillos/as de familias desestruturadas e cunha problemática sociofamiliar moi acusada.

- Mención aparte constituíe tamén a grande cantidade de alumnado inmigrante que para o presente curso se está matriculando ao principio de curso. A gran maioría procede de centro e Sudamérica (Venezuela, Rep. Dominicana, etc).

Debe engadirse a todo isto que o noso Centro foi nomeado **Centro Preferente para a atención de alumnos con Trastornos Motóricos**. Un dos centros adscritos de E.Primaria, CEIP S. Pedro de Visma, escolariza tamén a estes alumnos de diversidade funcional.

Etapas educativas e Cursos para o 2018-19

Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º, 4º)	1' ESO : 4 grupos 2' ESO : 4 cursos 3' ESO: 4 grupos 4' ESO: 4 grupos
Bacharelato	1' curso: 3 grupos 2' curso: 3 grupos

Debemos citar tamén que están previstos *Agrupamentos Flexibles* nos cursos de 1º e 2º de ESO nas materias seguintes: Matemáticas, L.Castelá, L.Galega e Inglés.

1.3. – Composición do Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do IES Rafael Dieste da Coruña está formado no presente curso polo Xefe de Dep., 3 profesores de PT, e os titores correspondentes aos ámbitos. A terceira profesora de PT, no presente curso, non está a tempo completo. O mércores debe realizar o seu horario no IES Urbano Lugo (A Coruña).

No presente curso académico os profesores pertencentes aos ámbitos serán unha profesora de C.Sociais e un profesor de Bioloxía e Xeoloxía.

Realízanse as Reunións de Departamento pertinentes e tamén terán lugar as reunións cos Orientadores dos Centros de E.P. adscritos ao noso IES: CEIP de Prácticas e CEIP S. Pedro de Visma, CPR “Cid”, CEIP Rosalía de Castro (que ten adscripción compartida, segundo nos informa a dirección do noso Centro).

Estamos de igual modo en contacto cos Centros e Dep. de Orientación dos outros alumnos que inician a ESO connosco e proveñen dos CEIP non adscritos.

As reunións cos Orientadores dos Centros Adscritos terán como obxectivo perfilar unha LIÑAS COMÚNS de ACTUACIÓN:

1. Mantemento dunha uniformidade no proceso orientador: valoración de necesidades, intercambio de información socioeducativa relevante, etc.
2. Visitas “in situ” aos alumnos de sexto curso de Educación Primaria que presenten NEE especialmente relevantes e que promocionarán para a ESO: alumnos/as con Parálise Cerebral, Síndromes Xenéticos e outros déficits que nos aseguren un coñecemento directo dos casos e nos posibiliten unha adecuada resposta educativa.

II.- OBXETIVOS XERAIS .

Neste apartado preténdese determinar os obxectivos xerais de cada un dos ámbitos nos que se vai intervir e para os distintos axentes de intervención.

Con respecto ás metas ou capacidades a acadar polos alumnos tentouse estruturar e secuenciar os obxectivos establecendo unha relación entre eles que pretende seguir a mesma liña que os obxectivos do resto das áreas do currículo.

Os obxectivos son os mesmos para as diferentes etapas pero vanse traballando con diferentes niveis de profundidade e complexidade segundo o nivel educativo e evolutivo dos alumnos destinatarios.

Tódolos obxectivos están interrelacionados, en tanto que *o obxectivo final é a estimulación do desenvolvemento integral do alumnado.*

As necesidades mencionadas permítennos saber por tanto onde estamos. Coñecendo o noso punto de partida pasamos a continuación a determinar os obxectivos, as metas que nos propoñemos, é dicir, onde queremos ir.

2.1.- Obxectivos xerais.

- Potenciar o pleno desenrolo da personalidade e das capacidades dos alumnos e alumnas.
- Contribuir á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento integral do alumnado individualmente considerado.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e toma de decisións respecto ó futuro académico e profesional dos alumnos e alumnas.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, así como previr dificultades de aprendizaxe.

- Contribuir ás interaccións e as relación adecuadas entre os diferentes integrantes da comunidade educativa asumindo a mediación necesaria en cada caso: alumnos, profesores e familias.
- Realizar a orientación vocacional que facilite o acceso a estudos posteriores ou incorporación ó mundo laboral.
- Asegurar a continuidade educativa a través das diferentes áreas, cursos e etapas.
- Asesorar dun xeito colaborativo ó conxunto do profesorado á hora de elaborar as distintas programacións didácticas.
- Optimizar o rendemento da ensinanza mediante o axeitado asesoramento dos alumnos ó longo do sistema educativo e no seu tránsito á vida activa, especialmente dos alumnos con NEAEs.
- Desenrolar accións periódicas de asesoramento e información ás familias.
- Coordinarse e colaborar con institucións externas ó centro nos casos que sexa preciso (Servisio Sociais, Centro de Formación do Concello, Cruz Vermella, ASCODI, Unidade de Atención a Migracións (UAMI), Programa “ Na Rúa ” - Fundación Juan Soñador, Secretariado Xitano, Servicos Sanitarios, Centros de Atención de Menores...).
- Impulsar a innovación educativa.
- Introducir no manexo das tecnoloxías da información e da comunicación ó alumnado.

Indicar que, dado o carácter flexible e emerxente do presente plan, poden xurdir novos obxetivos ó longo do curso no transcurrir do proceso educativo.

2.2.-Obxectivos por Eidos.

2.2.1.-Acción tutorial :

- Facilitar a adaptación do alumnado de novo ingreso no centro.
- Potenciar o desenvolvemento de habilidades sociais que favorezan a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa, con especial atención no caso de alumnos procedentes do exterior, de diferentes culturas, relixións...
- Establecer os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das tutorías, concretar liñas de actuación que os tutores desenrolarán cós alumnos do grupo, equipo educativo e familias.
- Posibilitar a coordinación entre tutores dun mesmo curso e etapa, establecendo reunións para o efecto conxuntamente coa xefatura de estudos.
- Contribuir ó deseño e desenvolvemento da programación tutorial, facilitando os recursos e apoio técnico que cumpra.
- Contribuir ó seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe por parte da xunta de profesores dun mesmo grupo para asegurar a coherencia ou unidade da súa práctica educativa.
- Apoiar a intervención dos tutores coas familias de cara a favorecer a relación entre o centro e as familias.
- Proporcionar ós tutores e profesores, recursos, técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades e relación cos alumnos, a coordinación cos profesores e a intervención coas familias.
- Avaliar o funcionamento do plan , as programacións tutoriais e a intervención do DO.

2.2.2- Orientación vocacional :

- Fixar as liñas de actuación prioritarias para cada etapa e curso que se dirixirán a alumnos e familias , e as encamiñadas á relación co contorno socio-laboral.
- Colaborar na determinación das materias optativas da ESO e Bacharelato, e a organización de itinerarios propostos para cada modalidade do bacharelato do IES.
- Facilitar ó alumnado a adquisición de habilidades e estratexias que lles permitan levar a cabo unha toma de decisións autónoma que favorezan a elección de estudos superiores ou incorporación á vida laboral.
- Facilitar unha orientación máis persoalizada con aqueles alumnos que poden ter dificultades para obter a titulación na etapa correspondente.
- Asesorar as familias, colectiva e individualmente, sobre aspectos relacionados coa orientación vocacional dos seus fillos.
- Facilitar a profesores e alumnos recursos de apoio para buscar e seleccionar información sobre as opcións académicas e profesionais que se presentan ao remate de cada etapa.
- Avaliar o funcionamento do plan, a contribución dos diferentes implicados no seu desenvolvemento e a intervención do DO.

2.2.3.- Atención á diversidade :

- Establecer criterios e procedementos para organizar a atención flexible á diversidade.

- Colaborar cos profesores na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, na planificación e realización de actividades educativas, e adaptacións dirixidas ós alumnos que o precisen .
- Normalizar a atención educativa ao alumnado con NEAE, corrixindo as deficiencias detectadas no curso anterior e asegurando unha resposta educativa adaptada as súas características e necesidades.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica para decidir a incorporación do alumnado a os programas PMAR, ou programas específicos, e en todos aqueles casos en que cumpra.
- Participar no deseño e desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade do centro:
 - Programas de Reforzo nas áreas instrumentais básicas
 - Programas de Recuperación
 - Programas Específicos Personalizados
 - Programa de Habilidades Sociais e Relación.
- Potenciar a integración e cooperación das familias co centro, así como as relacións entre as familias e o profesorado, de cara a unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos.
- Avaliar o funcionamento do plan , contribución dos diferentes implicados no seu desenvolvemento e a intervención do DO.

2.2.4.- Educación en Valores, Convivencia e Habilidades Sociais :

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do Centro.

- Asesorar e participar na implantación da Aula de Convivencia Inclusiva do Centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

III .- PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIONES PRIORITARIAS.

Os programas e as accións prioritarias dividímolos en tres grandes bloques: a **ACCION TITORIAL**, a **ORIENTACIÓN VOCACIONAL** e a **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**.

Realizamos tal división posto que aínda considerando a acción orientadora como unha globalidade, ó segmentar esta acción en varios bloques permítenos unha maior claridade tanto á hora da planificación como á hora de establecer mecanismos de seguimento e avaliación das mesmas. O feito de establecer bloques diferenciados non implica que sexan bloques aillados , senón que toda acción orientadora ten unha interrelación entre si.

Consideramos así, o **bloque da ACCIÓN TITORIAL** o eixo sobre o que xira o modelo de orientación plantexado no noso sistema educativo. Será o profesorado o encargado de dotalo das habilidades e estratexias para que sexa quen de introducir dunha forma transversal os diferentes procesos orientadores. Como xa quedou reflectido anteriormente a función titorial forma parte da función docente e, en certa medida, identifícase con ela. Dende unha perspectiva educativa, a titoría debe incorporar aqueles elementos que van máis alá do puramente académico e que poden axudar ó desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables. Aínda que todo profesor na

sua propia tarefa docente ten implícita a función titorial, esta queda reflexada na figura do titor, sendo o D.O. un medio de asesoramento para apoia-las accións referentes a esta competencia. Por todo isto este bloque será clave para o desenvolvemento do presente plan.

Outro dos eixos que consideramos é o da **ORIENTACIÓN VOCACIONAL** dado que unha sociedade cada día máis complexa como é a nosa fai que sexa imprescindible abordar medidas dirixidas a facilitar a toma de decisións, tanto a nivel académico como profesional que permitan ó alumno establecer un proxecto de vida planificado e elaborado autónomamente. Este proxecto que necesariamente debe pasar por varias fases (unha fase de información, que ten como obxectivo primordial ofrecer ó alumno a información que lle permita unha ampliación dos seus coñecementos sobre sí mesmo, do sistema educativo e do mundosocio-laboral e a partir destes coñecementos realizar o seu proxecto persoal; unha fase de reflexión, cuio obxectivo é axudar e conducir ó alumno para que traslade todos estes coñecementos a seu proxecto de vida; e unha fase de toma de decisións, persoal e individual baseada no proceso anterior, no seu propio sistema de valores, no concepto de sí mesmo e no nivel de aspiración, tanto persoal como familiar) ten que estar encamiñado á plena inserción do individuo no funcionamento e organización da comunidade na que vive non só a través da súa inserción laboral, senón tamén a través da participación na vida das institucións comunitarias. A orientación vocacional ten por obxecto axudar ó alumno a valorar e actualizar as súas preferencias académico-profesionais para que poida formular ceibe e

responsablemente a súa decisión persoal, que deberá concretar nun plan ou proxecto concreto de futuro.

Finalmente, consideramos o bloque que denominamos da **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** porque constitúe a terceira vertente ou eixo da orientación escolar . Non entendemos un plan de orientación que non estableza procesos e estratexias de actuación encamiñadas á optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe. Cobran cada vez maior importancia nesta sociedade cada vez máis multicultural e polo tanto con particulares necesidades e perfís, os procesos de atención a esa diversidade .

A través do establecemento destes procesos, nos que cómpre a implicación de todo o profesorado , o índice de fracaso escolar deberá diminuír, á par que aumentar o de satisfacción e formación dos suxeitos.

3.1.- ACCIÓNS PRIORITARIAS A NIVEL XERAL .-

Incluimos unhas accións prioritarias a nivel xeral que definimos como tal por ser transversais ós disitintos ámbitos ou dirixidas a varios programas e que nos van a permitir desenvolver con maior eficacia os distintos programas e accións orientadoras.

ACCIÓNS PRIORITARIAS XERAIS	Temporalización	Responsables
Recoller propostas e directrices da CCP para a elaboración das propostas de POAP e PAT.	Inicio de curso	DO
Presentar á CCP propostas de programas a desenvolver e a súa secuenciación previo análise de necesidades e directrices xerais desta	Primeiro trimestre	DO
Determinación das actividades dos distintos programas que serán	Primeiro trimestre	D.O.

desenvolvidas na hora de titoría, a través das distintas áreas, cales a nivel de centro/etapa, polo D.O. ou axentes externos		
Preparación, organización e entrega do material específico con actividades dos diferentes programas para entregarlle aos titores	Comezo de cada trimestre.	D.O.
Desenrolo de determinadas actividades dos programas na aula que polo seu grao de especificidade ou pola súa organización precisen ser desenvolvidas polo D.O.	Todo o curso	D.O.
Presentación de propostas en relación a aspectos organizativos e de xestión da titoría ó equipo directivo	Principio de curso	D.O.
Asesoramento e apoio técnico ó profesorado nos programas a desenrolar.	Todo o curso	DO
Adquisición de material bibliográfico e informático útil e que responda as necesidades e intereses, para toda a comunidade educativa.	Todo o curso	DO
Colaboración no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade	Todo o curso, e trimestralmente	D.O.
Colaboración na organización de actividades complementarias e extraescolares	Todo o curso	Vicedirector, D.O.

Proposta de establecemento dunha reunión semanal coa xefatura de estudos para coordinación e seguimento da titoría	setembro	Xefe estudos,DO
Proposta de establecemento de reunións cos titores para coordinación e seguimento da titoría	setembro	Xefe estudos,DO,titores.
Organización e posta en marcha de accións para establecer reunións periódicas familias-profesores (individuais e grupais) que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro	Todo o curso	D.O., profesores, E.D.
Fomento das relacións e coordinación con outras institucións externas para o desenvolvemento dos programas e actuacións conxuntas	Todo o curso	D.O., E.D., titores.
Establecemento de accións de asesoramento e atención personalizada a alumnos, profesores e familias.	Todo o curso	D.O.
Propoñer procedementos para realizar o deseño,desenvolvemento e avaliación das actuacións a desenvolver.	Inicio de curso	DO
Asesoramento no desenvolvemento dos procedementos necesarios para garantir a continuidade educativa a través das distintas áreas,cursos e etapas.	Terceiro trimestre	DO
Avaliación do plan de	Final de curso	DO e axentes

orientación, elaboración da memoria final e propostas de mellora.		implicados.
---	--	-------------

3.2.- TEMPORALIZACIÓN:

Aínda que estritamente a temporalización dos distintos programas non corresponde a este documento nin ao departamento de orientación en exclusiva, si que consideramos necesario referirnos a que sería preciso introducir unha proposta que logo terá que concretar a CCP; todo iso debido á complexidade que a tarefa da planificación conleva. Esta complexidade vén dada entre outros aspectos, polo escaso tempo lectivo específico destinado a aspectos da titoría e orientación para a enorme cantidade de contidos e programas que se considera necesario traballar.

Iso trae consigo que moitas veces se fagan propostas irrealizables polos moitos programas a desenvolver en cada curso. Por iso parécenos moi importante facer propostas realistas e realizables, que se poidan levar a cabo no tempo que se dispón para iso (hora titoría, algunha actividade extraescolar e complementaria, colaboración de parte do profesorado...). Polo tanto será preciso priorizar os distintos programas ao longo dos cursos das etapas nas que o alumno permanece no centro, e tendo sempre en conta as necesidades mais significativas de cada momento e curso concreto.

Con elo queremos, intentando non caer en ningún momento na rixidez, establecer unha concreción clara e realista das accións para facilitar a súa posta en marcha así como para avaliar o funcionamento, respondendo desta forma ós parámetros de calidade establecidos no proxecto que estamos desenvolvendo no noso centro educativo.

3.3.- RECURSOS:

3.3.1.-RECURSOS PERSOAIS.

O Decreto 120/98 e a Orde de 24 de xullo do 1998 asigna ó D.O. un conxunto de actuacións relacionadas coa orientación académica, psicopedagóxica e profesional, coa avaliación psicopedagóxica dos ACNEE , coa avaliación psicopedagóxica dos alumnos que o precisen e co apoio da acción tutorial, todo elo no marco da atención á diversidade. O exercicio destas variadas funcións fai necesario que ditos departamentos conten con diferentes profesionais.

Forman parte do D.O. os seguintes membros: orientador, mestres de pedagogía terapéutica, mestre de audición e linguaxe, un titor do ámbito científico-tecnolóxico e un titor do ámbito socio-lingüístico. Debido á característica específica de ser este un Centro que escolariza preferentemente a alumnos con Diversidade Funcional (discapacidade motórica), consideramos tamén aos Cuidadores (axudantes técnicos educativos), persoal achegado especialmente a iste Departamento.

Do mesmo xeito non podemos deixar de sinalar como recurso persoal a tódolos docentes do centro, considerados tanto individualmente como en forma de colectivo. Os docentes dos centros adscritos considerámoslos igualmente como un recurso persoal fundamental. Igualmente a aqueles profesionais que van a contribuir ó desenvolvemento do plan e dos programas, profesionais tanto do eido educativo como social que serán externos ó centro pero cos que colaboraremos.

3.3.2.- RECURSOS MATERIAIS.

Serán os propios de cada programa, e que se reflectirán en cada un deles. En xeral, contamos con recursos informáticos , base bibliográfica ampla, guías educativas, probas de tipo psicométrico, un fondo legislativo coas principais disposicións legais vixentes...etc.

Nestes últimos cursos tentamos actualizar a bibliografía psicopedagóxica así como ir adquirindo e actualizando as probas diagnósticas, na medida en que a provisión de fondos así o foi permitindo.

Sinalamos tamén como recursos materiais os documentos oficiais do centro (PEC, PXA...) así como os materiais elaborados polo propio dep. de orientación (folletos, artigos, cuestionarios etc.).

É de importante relevancia a existencia, dende estes últimos cursos académicos, duns PROTOCOLOS de ACTUACIÓN ante a diversa problemática que o alumnado pode presentar.

Así, ó PROTOCOLO de TDAH, o de ACOSO e o de ABSENTISMO, este departamento remitíu tamén directrices de actuación ante alumnado que presente DISLEXIA ou trastornos relevantes na LECTOESCRITURA, e tamén un protocolo de actuación ante a aparición de CRISES CONVULSIVAS.

Así mesmo, na actualidade é de especial relevancia a consulta das múltiples páxinas web, (www.edu.xunta.es; www.mec.es ;www.educaweb.com., www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos, www.juntadeandalucia.es/educacion/; www.ciug.cesga.es.; www.aula21.net,

etc. ademais de múltiples páxinas temáticas, oficiais do ministerio e das diferentes consellerías, temáticas, de diferentes asociación, etc.

IV.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

A planificación reflectida nos apartados anteriores, responde a un modelo de programas que comprende á orientación educativa nas suas distintas vertentes ou funcións:

- **Escolar**, que ten como obxectivo optimizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe ou atender á diversidade nunca sociedade plural.
- **Vocacional**, que ten como obxectivo favorecer a madurez vocacional dos alumnos.
- **Persoal**, que ten como obxectivo o desenrolo persoal, a través da acción tutorial.

Dito modelo fundaméntase nuns principios que guiarán a nosa actuación educativa:

- Principio de planificación : supón que a orientación responde a unha actividade planificada, sistemática e continuada o longo da escolaridade do suxeito.
- Principio de prevención : supón realizar unha actuación de prevención de situacións problemáticas polo que será necesario unha intervención cun carácter proactivo.
- Principio de sistematicidade : consideramos a orientación como un sistema, onde as actuacións non se deben centrar só no alumno, senón tamén sobre os demais axentes implicados (alumnos, profesores, familias...).

- Principio de curricularidade : apunta á necesidade que a orientación educativa esté integrada no currículo formando parte das diferentes áreas e materias que o conforman , así como a súa especificación nos niveis de concreción curricular.
- Principio de cooperación : fai referencia á necesidade de considerar a orientación como un proceso de cooperación e coordinación , así como de implicación na elaboración e posta en marcha do proceso orientador por parte dos implicados no mesmo.
- Principio de desenvolvemento persoal : ha de ser unha orientación dirixida ó colectivo, e ademáis abarcará tódolos niveis (afectivo,cognitivo, escolar...). Trátase de alcadar o desenvolvemento integral da persoa.
- Principio de intervención social : a intervención non só será sobre o alumno, senón tamén sobre o entorno .

Ademáis deste modelo de programas, seguiremos un modelo de consulta colaborativa, de carácter máis puntual, para aquelas intervencións ou consultas que surxan ó longo do curso e que polo tanto non puideran ser tidas en conta á hora da planificación.

A parte dos principios sinalados é preciso sinalar unha serie de estratexias xerais que permitan clarificar as actuacións que se van a levar a cabo .

4.1.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN A NIVEL XERAL:

- É función do profesorado, e non só do titor do grupo, apoiar ó alumno no seu desenvolvemento, orientación e aprendizaxe.
- Corresponde á xefatura de estudos a coordinación e dirección das actividades de orientación e tutoría en colaboración co DO e dacordo co POAP e PAT (decreto 324/96) .
- O DO asesora e colabora co profesorado no desempeño da función tutorial.
- O DO traballa cos profesores e coas demais instancias educativas do centro nun contexto de colaboración e participación, buscando o maior grao de consenso no desenvolvemento de cada actuación.
- O DO pide e ofrece colaboración como único medio de afrontar as demandas que plantexa a labor educativa.
- Levarase a cabo unha planificación de actividades orientadoras dirixidas á comunidade educativa en xeral e ó alumnado en particular (programas). Esta planificación establecerase no presente plan e ven a ser a concreción e o desenrolo para un curso, recollido no POAP e PAT. Dita planificación terá un carácter flexible e emerxente sendo susceptible de cambios en función das necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso.
- A implicación da familia considerase como un elemento fundamental , non só no relacionado directamente coa orientación senón en relación á acción educativa xeral. Por esto , nos diferentes programas , contemplaranse actividades dirixidas as mesmas.
- Será preciso establecer unha coordinación de tempos e espazos para poder desenvolver as propostas contempladas no presente plan, entre elas

destaca a necesidade de coincidencia horaria para poder levar a cabo as reunións do departamento de orientación e as de titores.

4.2.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN CO ALUMNADO.

Dado que moitas das accións deseñadas se levarán a cabo no contexto das diferentes áreas e materias, e é así como se entende a orientación educativa (conxunto de actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e como consecuencia enténdese como unha actividade curricular máis), consideramos como principios de actuación os establecidos para o proceso de ensinanza-aprendizaxe a nivel xeral :

- Constructividade: que fai referencia á necesidade de que o alumno sexa partícipe das súas propias aprendizaxes, reflexionando sobre as mesmas e sobre os procesos que o levan a eles. Esta aprendizaxe constructiva implica necesariamente : funcionalidade (de cara a outros aprendizaxes novos e a súa utilidade na vida diaria) e significatividade (partir dos seus coñecementos previos e dar significado ós novos contidos).
- Interactividade , principio educativo referido á necesaria interacción que se debe propiciar durante o proceso de ensinanza– aprendizaxe, dado que se parte de considerar a aprendizaxe como unha construción social (ademais de persoal) . Dita interacción ten dous niveis claramente diferenciados : profesor- alumno e alumno- alumno.
- Ensinar a Aprender : principio que fai referencia á necesidade de que a ensinanza teña como obxectivo básico a autonomía persoal do

alumno. O profesor adoitará un posicionamento favorecedor da aprendizaxe de estratexias de aprendizaxe e de aprender a aprender (metacognición).

- Mediación : necesidade de que o profesor sexa ante todo mediador de aprendizaxes, é dicir, actuando de ponte entre a estrutura cognitiva do suxeito e os contidos da ensinanza.

Así mesmo destacar que en ocasións será necesario que establezamos **intervencións con un carácter mais individualizado e personalizado**. Estas intervencións caracterizaranse por implicar ó alumnado dun xeito activo neste proceso de asesoramento e por buscar a colaboración do profesorado e das familias, e cando sexa preciso doutros axentes.

4.3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN CO PROFESORADO.

- Reunións do D.O. Será a través destas reunións onde se coordinará e dinamizará tanto as accións establecidas neste Plan como nos distintos programas. Estas reunións serán o punto de dinamización da acción orientadora, tendo en conta que haberá que elevar estas propostas a outros órganos para darlles configuración definitiva.
- Reunións da CCP. Estas reunións serán de máxima transcendencia para o desenvolvemento da acción orientadora, xa que a esta comisión elevaremos as nosas propostas, presentárolle pautas de actuación, informárolle do seguimento e desenvolvemento dos distintos programas, propoñérolle criterios organizativos para o desenvolvemento dos programas e actividades recollidos no POAP e PAT. Pola contra a CCP marcaranos directrices, prioridades, propostas de mellora...

- Reunións do claustro e do consello escolar. Para solicitar autorizacións e aprobar aspectos abordados previamente na CCP. Serán os órganos que den cobertura legal ás propostas realizadas previamente.
- Reunións trimestrais dos equipos docentes. Trimestralmente os equipos docentes reúnen nas sesións de avaliación, por elo será fundamental aproveitar este momento de reunión docente horizontal , tan escasos na educación secundaria para facer balance, novas propostas rectificacións... do traballo desenvolto no referido á orientación e titoría para ese grupo concreto. De aí que lle deamos tanta importancia á organización das sesións de avaliación de tal xeito que poida asistir a todas elas o orientador, para poder levar a cabo esta tarefa de planificación e seguimento dos procesos orientadores por cada grupo clase.
- Reunións periódicas cos titores. Tal e como establecemos no plan parécenos fundamental establecer , xunto coa xefatura de estudos, reunións periódicas cos titores para poder así facer unha análise global do desenvolvemento dos distintos grupos, ademáis de analizar, propoñer, valorar a acción orientadora desenvolvida.
- Reunións coa xefatura de estudos e coa coordinación de Convivencia. Será fundamental ter unha boa coordinación co xefe de estudos xa que del depende o apartado docente e polo tanto tamén a orientación. Nestas reunións poderemos darlle forma ás propostas establecidas dende o departamento, plantexar actuacións ante calquer nova necesidade xurdida, darlle forma organizativa ás nosas propostas para que se poidan desenrolar... Gran parte das accións que se propoñen dende o departamento teñen un carácter indirecto, é dicir, van a ser desenvoltas por outro docente, co que o labor,

intervención e implicación de xefatura de estudos como responsable dos aspectos docentes é incuestionable. Por todo elo da boa coordinación entre departamento e xefatura de estudos dependerá gran parte das accións orientadoras.

- Reunións con axentes externos ó centro. Dado o carácter global das nosas actuacións é preciso sinalar como unha estratexia de intervención máis as reunións que ó longo do curso teremos que desenvolver con distintos axentes para concretar actividades que están previstas nos distintos programas. Estas reunións en casos terán un carácter máis ou menos puntual ou un carácter máis periódico, como por exemplo cos Servizos Sociais do Concello.

4.4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS.

No presente plantexamento orientador considerase a implicación da familia como un elemento fundamental, non só nos labores directamente relacionados coa orientación, senón a nivel da acción educativa en xeral. Por elo nos distintos programas contemplaranse actividades dirixidas ás mesmas. Partimos da necesidade de establecer mecanismos favorecedores desta participación, como: horarios flexibles, información clara e funcional, asesoramento individualizado, reunións periódicas (individuais e colectivas), contactos periódicos (por correo, telefónicos...).

4.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN ANTE O ABSENTISMO ESCOLAR E O ABANDONO.

É para o noso IES un tema preferente o da prevención do absentismo escolar, xa que a desconexión dos menores do mundo escolar trae unhas consecuencias non só de déficits na aprendizaxe, senón importantes problemas de socialización e marxinalidade.

É por elo de máxima relevancia manter ó día os Protocolos de Absentismo pertinentes, coidando de cumprir os protocolos que indica a normativa.

Cos equipos de Servicios Sociais do Concello da nosa zona de influencia (Centros de Labañou, Ágora, Rosales e Novoboandanza) mantemos unha estreita colaboración.

Resulta relevante neste senso a coordinación coas figuras dos Educadores e Traballadores Sociais.

Ao respecto decir que mantemos tamén relacións con Fundacións de apoio, colaboradoras do Servicio de Menores, como a “Amigó”, que ademais de proveer apoio aos alumnos que así se determine, interveñen tamen coa familia, levando a cabo un programa de habilidades de relación e concienciación sobre o valor da formación.

Nestes últimos cursos colaboran connosco tamén os profesionais do Secretariado Xitano, ofertando integración, mediación e actuación directa cos alumnos desta etnia que se escollan para formar parte do proxecto.

V.- AVALIACIÓN DO PLAN E PROPOSTAS DE MELLORA.

O plan anual do D.O. someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. As actividades de avaliación irán encamiñadas a :

- Valorar en que medida estamos logrando os obxetivos propostos.
- Obter máis e mellor información sobre as características do sistema socio educativo no que se sitúan os nosos alumnos.
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para correxir e adaptar ditos deseños.

5.1. -Avaliación inicial

Partiremos desta avaliación que determinou en parte as necesidades existentes tal e como xa detallamos . Así mesmo se pretende obter información durante o proceso de desenvolvemento do plan , de forma continua para introduci-las melloras que se consideren oportunas e finalmente desenvolveremos unha avaliación do plan para comprobar o grao de cumprimento dos obxetivos e que nos servirá para establecer as propostas de mellora.

5.2.- Avaliación formativa.

Trátase de recoller información que permita valorar se se están desenrolando as distintas accións de que consta o plan como se tiña previsto, se funciona satisfactoriamente, ou se é necesario introducir melloras ou modificacións para conseguir os obxetivos. A finalidade é ir optimizando o plan a medida que se vai implementando . Nesta avaliación será preciso valorar os seguintes indicadores :

- Se se está tendo en conta o criterio de prioridade de necesidades que deben satisfacerse.
- Se se está facilitando a participación dos axentes da intervención orientadora na súa totalidade , tanto no seu deseño como no seu desenvolvemento.
- Se se está prestando apoio abondo por parte do D.O. para o desenvolvemento dos programas.
- Se os tempos están sendo axeitados para o desenvolvemento do programa.
- Se está habendo participación e interese das persoas que participan no desenrolo dos programas.

5.3. Avaliación final.

Esta avaliación ven a ser o punto final á avaliación que fomos realizando ó longo de todo o proceso, e deberá servírnos para comprobar o grao de execución dos obxetivos propostos. A finalidade é tomar decisións respecto á continuación do plan o próximo curso. Esta avaliación concretarémola na memoria.

5.4.- Criterios de avaliación.

- Nivel de consecución dos obxetivos propostos.
- Nivel de participación e implicación do profesorado do IES e do centro adscrito.
- Nivel de participación e implicación do alumnado do IES e do centro adscrito.

- Nivel de participación e implicación das familias do IES e do centro adscrito.
- Nivel de participación e implicación dos axentes externos.
- Recursos dos que se dispuxo.
- Dificultades xurdidas e formas de resolvelas.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de aplicabilidade do plan.
- Se se facilitou a participación dos axentes da intervención orientadora na súa totalidade, tanto no seu deseño como no seu desenvolvemento.

5.5.-Instrumentos de avaliación.

- Análise e valoracións das actuacións desenvoltas nas reunións periódicas do D.O.
- Análise e valoracións das actuacións desenvoltas nas reunións periódicas de titorías.
- Análise e valoracións da CCP.
- Análise e valoracións dos equipos docentes de cada grupo nas sesións de avaliación.
- Análise e valoracións das actuacións desenvoltas polos profesores de pedagogía terapéutica.
- Análise e valoracións das actuacións desenvoltas nas reunións periódicas coa xefatura de estudos.
- Cuestionarios dirixidos ós destinatarios das intervencións (alumnos, pais, profesores, titores...)

- Análise da participación mediante control de asistencia dos pais ás reunións que se convocan.
- Cadro para controlar uso dos materiais e recursos bibliográficos do D.O. por alumnos , profesores e pais.

Unha vez feita a avaliación final na que participarán como acabamos de comprobar non só os membros do D.O. senón varios axentes educativos, será preciso facer unha memoria do plan de actividades do D.O. na que se recollerán os datos e valoracións máis importantes obtidas no proceso de avaliación.

VI.- PLAN DE ACIÓN TITORIAL.

Podemos definir a Acción Titorial como o conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan nun Centro Educativo para favorecer ao alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa persoalidade.

Este Departamento considera imprescindible a acción titorial para facer posible unha proposta de formación global dos alumnos ó longo das diferentes etapas educativas. A participación de pais, nais, e a colaboración doutros profesionais cando así se solicite, pensamos que serán condicións indispensables para unha acción titorial eficaz.

A acción titorial terá un carácter colectivo, e o profesor titor será o seu coordinador e executor, aínda que as liñas de actuación respecto de cada alumno e do grupo serán consensuadas polo grupo de profesores.

Ó longo de todo o ciclo a acción titorial a nivel individual incorporará un seguimento do alumno tanto académicamente como en actividades de relación.

A nivel colectivo, a acción titorial revisará sistemáticamente a dinámica do grupo, no senso de fomentar no seu seo un bon nivel de cohesión, participación, solidariedade e tolerancia interna que posibiliten un clima adecuado de traballo e de relación entre os seus membros.

É aconsellable polo anteriormente citado que o titor/a teña contactos sistemáticos cos pais e nais dos alumnos e alumnas tanto a nivel colectivo como individual.

Como OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, que deben concretarse según unha serie de variables (etapa educativa, características do Centro, experiencia e técnica titorial, necesidades educativas, etc.) podemos plantexar os seguintes:

1.- Impulsa-lo desenrolo psicosocial doo alumnado:

- Facilitándolles a integración na etapa e no grupo clase.
- Axudándolles a desenrolar un nivel adecuado de autoconcepto e autoestima.
- Desenrolándolles a madurez vocacional, asesorándoo na toma de decisións.
- Impulsando a participación dos alumnos nas actividades non lectivas e extraescolares.

2.- Optimiza-los procesos de Ensino-Aprendizaxe:

- Detectando dificultades nas aprendizaxes instrumentais, especialmente nas técnicas de traballo intelectual.
- Coordinar as respostas educativas adecuadas ás dificultades de aprendizaxe que se produzan no grupo clase ou en alumnos/as individualmente considerados.
- Coordinar os procesos de avaliación das aprendizaxes dos alumnos/as, así como a súa promoción.

3.- Dinamizar medidas que promovan unha boa convivencia, promovan conductas tolerantes e aposten pola resolución pacífica dos conflitos.

4.- Coordinar ó Equipo Docente:

- Coordinando o proceso de avaliación dos diferentes profesores
- Coordinando o axuste das programacións ás necesidades educativas especiais do grupo clase e dos alumnos individualmente considerados.
- Coordinando a avaliación e a promoción interciclo e intercurso.

5.- Orientar aos pais/nais/titores na súa laboura educativa:

- Fomentando a participación destes nas actividades do Centro.
- Proporcionándolles información sobre a marcha dos seus fillos.
- Asesorándoo nos conflitos e situacións problemáticas que poidan xurdir cos seus fillos/as.
- Solicitar a súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que no seu caso sexan necesarias para os seus fillos/as.

Os obxectivos anteriormente mencionados pretenden desenvolver e potencia-las capacidades básicas do alumnado, proporcionándolles

- os recursos e mecanismos que lle permitan supera-los obstáculos que poidan dificultar a aprendizaxe.
- os contextos máis favorecedores do proceso de aprendizaxe.

E para asumir esta función será necesario:

- Coñecer ao alumno tanto no aspecto personal como escolar,
- Facilitar a integración dos alumnos e fomentar a súa participación no Centro
- Establecer unha relación satisfactoria co alumno /a que lle faga sentirse aceptado, valorado e axudado.

Nos cursos da E.S.O. os titores contan cunha sesión de adicación á titoría en clase, outra de atención aos pais/nais e a convocatoria de reunións pertinentes co Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos ou coa Xunta de Aula correspondente.

Existe unha planificación de actividades por cursos, e un material que os titores teñen a súa disposición.

Concretamente pensouse na seguinte temática, ademais do que especificamente poida elaborarse:

Para o presente curso usaremos como material básico os “Cadernos de Titoría para a ESO de “Ediciones Agendas Escolares, S.L.”

Concretamente, e para o **1º de E.S.O.**, a PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES será a seguinte:

- 1.- Acolida e presentación. (2 Sesións)
- 2.- Dereitos e Deberes. Normas de convivencia. (2)
- 3.- Cohesión e integración no grupo.(2)

- 4.- Elección de Delegado/a de curso.(1)
- 5.- Qué tal estudiante es?.(1)
- 6.- Planificación do tempo de estudo.(2)
- 7.- Para estudar mellor.(3)
- 8.- Habilidades sociais. (3)
- 9.- Resolución de conflictos. Solución de Problemas.(1)
- 10.- Prevención do Maltrato.(4)
- 11.- Descubriendo profesións.(3)

Existen ademáis 3 UNIDADES DE REFLEXIÓN SOBRE CADA AVALIACIÓN, unha vez finalizada cada unha delas

Para o **Segundo Curso da ESO**, a relación de Actividades serán as que siguen:

- 1.-Xornada de acollida e presentación (1 Sesión)
- 2.- Dereitos e deberes. Normas de Convivencia. (1)
- 3.- Cohesión e integración no grupo.(2)
- 4.- Elección de Delegado/a de curso.(2)
- 5.- Qué tal estudiante es?.(1)
- 6.- Planificación do tempo de estudo.(2)

7.- Para estudar mellor.(3)

8.- Habilidades sociais.(2)

9.- Resolución de conflitos. Solución de Problemas.(1)

10.- Tratémonos ben.(4)

11.- Descubrindo profesións.(2)

Existen ademáis 3 UNIDADES DE REFLEXIÓN SOBRE CADA AVALIACIÓN, unha vez finalizada cada unha delas

En canto ao **Terceiro da ESO**, propóñense as seguintes sesións:

1.- Acollida e cohesión do grupo. Xogos cooperativos.(1 Sesión)

2.- Convivencia, dereitos e deberes, elección delegado.(3)

3.- Técnicas de traballo intelectual.(3)

4.- O grupo e a súa dinámica.(2)

5.- Coeducación. Violencia de xéneros e educ. de sentimentos.(2)

6.- Comunicación familiar.(1)

7.- Aprendendo a tomar decisión.(2)

8.- Autocoñecemento.(4)

9.- Información sobre 4º de ESO.(1)

10.- Información e itinerarios de Bacharelato.(1)

11.- Información sobre Ciclos Formativos de FP.(1)

12.- Diferentes perfís profesionais.(2)

13.- Toma de Decisións.(1)

Existen ademáis 3 UNIDADES DE REFLEXIÓN SOBRE CADA AVALIACIÓN, unha vez finalizada cada unha delas

Para 4º da ESO as sesións serán as seguintes:

1.- Volvemos a vernos (3 sesións)

2.- Técnicas de traballo intelectual (4)

3.- As relación persoais (5)

4.- Autocoñecemento (4)

1. Coñecemento do sistema educativo (3)

6.- Apendemos a decidir (6)

7.- Coñecemento do mundo laboral (4)

Incluiense ademáis 3 UNIDADES DE REFLEXIÓN SOBRE CADA AVALIACIÓN, unha vez finalizada cada unha delas

En colaboración cos Servicios Sociais do Concello e coa Concellalía de Educación do mesmo desenvolveranse unha serie de actividades sobre aspectos como a violencia de xénero, as habilidades sociais, a prevención do consumo de drogas, a interculturalidade, a educación vial, os perigos da internet etc, a formación afectivo-sexual, etc.

No programa que oferta a concellalía encargada de Educación do Concello da Coruña, tentaremos contar tamén coas actividades a desenvolver na titoría por axentes externos pertencentes á diversa asociación.

Así en 1º de ESO tentarán ofertarse talleres sobre:

- Prevención de drogadicción e habilidades sociais
- Redes Sociais
- Taller Multiculturalidade

No 2º curso:

- Habilidades sociais
- Prevención drogadicción
- Taller de Multiculturalidade

Para 3º curso:

- Prevención confictos
- Prevención drogadicción
- Taller sobre prevención drogadicción
- Taller de Multiculturalidade

En 4º de ESO:

- Obradoiro de prevención no uso de Internet, Redes Sociais e Xogos Interactivos
- Somos dous, eu tamén conto (Prevención violencia de xénero)

1º e 2º de BAC:

- Asistencia ás xornadas de Orientación Universitaria e Profesional.

Este Departamento elabora uns cadernillos anuais que difunde nos diferentes niveis, sobre os itinerarios educativos a seguir segundo os cursos e modalidades . Trátase dun folleto multicopiado en donde se informa de itinerarios, optatividade, F.P., acceso a universidade, etc.

Alumnos e titores terán a súa disposición o Programa informático de Orientación Educativa “ORIENTA” que tamén estará disponible na web do centro.

VII.- PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS E DE RELACIÓN

Podemos definir as habilidades sociais como un “conxunto de conductas emitidas por un suxeto nun contexto interpersonal que expresan os sentimentos, actitudes, desexos, opinións o dereitos dese individuo dun modo adecuado á situación inmediata, respectando esas conductas nos demais, e

que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentras minimiza a probabilidade de futuros problemas” (Caballo, V. 1986 pag. 556)

É dicir, as habilidades sociais conforman un conxunto de hábitos e estilos (comportamentos pensamentos e emocións) que nos permiten mellorar en nosas relacións interpersoais, sentirnos ben, obter o que queremos e conseguir que os demais non nos impidan lograr os nosos obxectivos. Suporía polo tanto a capacidade de relacionarnos cos demais de forma que consigamos un máximo de beneficios e un mínimo de consecuencias negativas tanto a corto como a longo prazo.

Como se recolle na Circular 8/2009, á que fai referencia tamén a Circular 10/2010, o Departamento de Orientación debe:

- Elaborar un programa básico de habilidades sociais incorporado ao PAT, de xeito que todo o alumnado use e incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

Como quedou explicitado na programación do PAT por cursos, existen en cada grupo de sesións por curso un grupo de actividades que fan referencia a temas de convivencia, dereitos e desenvolvemento de habilidades sociais.

- Elaborar e Desenvolver un Programa de Habilidades Sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e aula convivencia ... e para o alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao Centro.

No IES Rafael Dieste, elaborouse o curso pasado un PLAN DE CONVIVENCIA, que debe aprobarse este curso, e xa entrou en funcionamento tamén a aula inclusiva de Convivencia.

Ademais dos temas abordados no PAT en tódolos cursos, este Departamento usa un material específico baseado en programas de habilidades sociais, asertividade e promoción da convivencia.

Así, basicamente manexamos os seguintes programas :

- **Programa de Habilidades Sociais 1º ciclo de ESO** (Ed. Marfil) e Vallés, A. e Vallés, C. (2002).

Este programa está especialmente indicado para os alumnos de 1º e 2º de ESO e estruturado en 15 sesións das cales e segundo o caso poden escollerse as oportunas: expresión de sentimentos, poñerse en lugar dos outros, solución de problemas, saber dicir que non, etc.

- **Programa de Asertividade e Habilidades Sociais (PAHS)** de Monjas, I (Coord.) 2009.

Excelente programa estruturado en 10 temas coas fichas correspondentes para cada capítulo e válido para aplicar en toda a etapa de secundaria.

Aborda temas como: comunicación verbal e non verbal, escoita activa, asertividade, emocións positivas e negativas, etc.

- **Programa PEHIA:** Enseñanza de Habilidades Interpersonales para Adolescentes (Inglés, C.)2009.

A estrutura do programa consta de 8 sesións, das cales dúas delas están dedicadas ás relacións adolescentes de parella: estilos de despostas interpersonais e habilidades para manter comunicacións asertivas. Conta tamén cunha escala de avaliación das dificultades interpersonais na adolescencia.

- **Programa de DE INTELIGENCIA EMOCIONAL “para la convivencia escolar PIECE IV”** para o 1º ciclo de ESO.
- **Programa de DE INTELIGENCIA EMOCIONAL “para la convivencia escolar PIECE V”** para o 2º ciclo de ESO.
- **Programa de REFUERZO DE HABILIDADES SOCIALES III. Para Bacharelato.**